

# Plan de continxencia

Ceip de Prácticas

A Coruña



Curso  
2020-2021

Ceip de Prácticas  
A Coruña





## PLAN DE CONTINXENCIA

### OBXECTO

O presente **Plan de Continxencia**, recolle os posibles escenarios que se poden dar no centro en caso de producirse algún caso de Covid 19 e as actuacións que se levarán a cabo, tanto no ámbito da toma de medidas sanitarias e de prevención, como especificamente as referidas a activación da ensinanza a distancia.

### XESTIÓN DE POSIBLES CASOS POSITIVOS NO CENTRO

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo tomaranse as seguintes medidas:

1º Levarase a un espazo separado de uso individual.

2º Colocaráselle unha máscara tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado.

3º Contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. A persoa ou o seu titor deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

4º O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o centro protexido por máscara cirúrxica, e logo seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario. De confirmarse o positivo, o equipo Covid do centro escolar comunicarao ao equipo Covid-escola do centro de saúde de referencia.

5º No suposto da aparición dun caso de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a; os que teñan a consideración de contactos estreitos, os dos



compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen poida ser unha persoa próxima que estea vencellada ao centro educativo. A aplicación xerará unha alerta no Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos.

6º Tras a aparición dun caso confirmado da Covid 19 no centro seguiranse as instrucións da Autoridade Sanitaria.

### ESCENARIOS NO CASO DE GROMOS

Será a autoridade sanitaria quen, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.

Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera alumno, ou profesional do centro educativo, profesor ou outro traballador que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia <2 metros ao redor do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.

As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado (cunha obriga de illamento durante 10 días) deberán entrar en corentena, estando *corentenados* nos seus domicilios e suspenderán mentres dure este a ensinanza presencial polo un período de 14 días. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula.

Aos contactos estreitos realizaráselle unha proba de COVID nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por COVID19.

En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo.

A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

**A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente Plan de Continxencia relativas ao ensino a distancia.**



Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. A Autoridade Sanitaria determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

## ACTIVACIÓN DO ENSINO A DISTANCIA

### FERRAMENTAS EDUCATIVAS A DISTANCIA. AS AULAS VIRTUAIS

Cando se produza unha suspensión total ou parcial da actividade lectiva presencial no centro por causa dun gromo no centro activarase o ensino a distancia que se desenvolverá cos seguintes criterios e condicións:

1º As **AULAS VIRTUAIS** serán a principal ferramenta educativa de ensino a distancia para a actividade lectiva non presencial na etapa de Educación Primaria.  
O acceso ás mesmas estará na páxina web do centro educativo.

2º En Educación Primaria as aulas virtuais utilizaranse nos supostos de educación a distancia con todo o alumnado ( de 1º a 6º), agás con 5º que utilizará a **PLATAFORMA E-DIXGAL**.

3º Complementariamente nestes cursos e a excepción de 5º, utilizaranse tamén os **LIBROS DE TEXTO NA SÚA MODALIDADE DIXITAL**, para o cal todo o alumnado do centro contará co código de acceso correspondente a todas as materias do seu curso.

4º En Educación Infantil utilizaranse como ferramentas de traballo e comunicación co alumnado e as familias **O BLOGUE, E AS VIDEOCONFERENCIAS a través da plataforma webex**, para manter o contacto emocional con este alumnado, fornecendo ademais, na medida do posible, contidos educativos

5º **AS VIDEOCONFERENCIAS PODERÁN USARSE TAMÉN NA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA** de acordo coa metodoloxía de cada profesor e especialmente nos primeiros cursos, co obxectivo de explicar e aclarar contidos así como de manter contacto emocional co alumnado.

6º Dentro da autonomía pedagóxica dos docentes, éstos poderán utilizar tamén **OUTROS RECURSOS E FERRAMENTAS E METODOLOXÍAS** que complementen ás anteriores e que redunden na calidade da ensinanza a distancia.

7º **O ALUMNADO CON NEAE** recibirá atención específica do D.O., establecéndose un cauce de comunicación permanente e adaptado ás necesidades académicas e emocionais deste alumnado.

A videoconferencia a través da plataforma webex permitirá a continuación do traballo individual e/ou en pequenos grupos por parte do persoal do DO cos alumnos/as cos que xa viñan traballando na etapa de ensinanza presencial.



## XESTIÓN DAS AULAS VIRTUAIS

A xestión das aulas virtuais estará coordinada polo *Equipo de Xestión das Aulas Virtuais do centro (EXAV)*

Compoñentes do Equipo:

Sara Devesa Núñez (Coordinadora do EXAV)  
Carmen Areas Toba (Coordinadora E-Dixgal)  
Cecilia Meléndrez Fassbender (Coordinadora TIC)

Corresponde a este equipo, asistidos de ser o caso polos asesores Abalar da Consellería, colaborar coa posta en funcionamento e o mantemento da aula virtual. Durante o mes de setembro, crearanse os “cursos” dentro das aulas virtuais, así como os usuarios para o alumnado e profesorado.

Realizaranse as reunións oportunas para informar ao profesorado dos seus usuarios, do modo de ensinar aos alumnos/as a inscribirse nos cursos, e da formación dispoñible.

Durante o mes de setembro, as titoras de cada un dos grupos, facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matriculen en cada un dos cursos dos que forman parte. Cando sexa posible usarase a aula de informática do centro para estas tarefas.

Todo o profesorado, á maior brevidade posible, asegurase de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia. Dedicará o tempo que precise na aula de informática para afianzar as destrezas do alumnado no uso do seu curso virtual.

A aula virtual, os cursos, e os usuarios (profesorado e alumnado) terán que estar plenamente operativos e funcionando ao inicio do mes de outubro. É recomendable que os/as alumnos/as se familiaricen coa contorna dos cursos e coa metodoloxía de traballo na aula virtual, polo cal procurárase traballar algunhas veces co alumnado na mesma aínda cando a ensinanza estea sendo presencial. Crearase tamén un usuario na aula virtual para o inspector do centro con permiso de acceso a todos os cursos virtuais.

No mes de setembro, as titoras identificarán ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e o notificarán ao equipo directivo. O equipo directivo realizará unha listaxe deste alumnado e as súas necesidades para poder dotalo dos recursos necesarios no caso dun eventual paso ao ensino a distancia.

O EXAV poderá requirir o asesoramento do persoal técnico da Consellería (persoas asesoras Abalar de zona e da Unidade de Atención a Centros) para solventar os problemas tecnolóxicos que poidan xurdir. Para fornecer de contidos á aula virtual o profesorado poderá usar os dispoñibles no espazo Abalar, os que figuran na web do Ministerio, ou calquera outro dispoñible.



## FORMACIÓN

Todo o profesorado asistirá entre os meses de setembro e outubro a unha actividade de formación de 15 horas ofertada polo Centro de Formación e Recursos da Consellería que permita iniciarse e/ou afondar no aproveitamento didáctico das aulas virtuais e outras ferramentas institucionais. Estes cursos desenvolveranse na propia aula virtual de cada centro e incluírá contidos axustados ás características e necesidades dos diferentes contextos.

## COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

A propia Páxina Web do centro xunto co servizo de mensaxería da App Abalarmóbil, o correo electrónico e o teléfono seguirán sendo os cauces de contacto e comunicación coas familias, así como de información xeral do centro durante o tempo que dure a situación lectiva non presencial.

Cada profesor, así como os membros do Departamento de Orientación, xa teñen facilitado ás familias do seu alumnado un enderezo de correo electrónico para que estas poidan facerlle calquera consulta relacionada cos asuntos escolares do seu fillo/a durante a etapa de non presencialidade.

As titorías realizaranse tamén de xeito virtual, e terán lugar a través de chamada telefónica e/ou videochamada, para o que se empregará a plataforma Cisco Webex.